



Concello de Mugardos
(A Coruña)



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

ANUNCIO

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE MUGARDOS 2025 (ao abeiro do Convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería de Medio Rural e a Entidade Local, Concello de Mugardos, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan estratéxico da política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027).

Pola presente dáse publicidade ao Decreto 2025-0919 (Resolución Área de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior) de data 22/07/2025 declarando deserto o presente proceso selectivo:

“Visto o expediente que se tramita para a contratación laboral temporal do persoal da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Mugardos 2025 (ao abeiro do Convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería de Medio Rural e a Entidade Local, Concello de Mugardos, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan estratéxico da política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027), mediante o sistema de concurso-oposición libre, sendo a convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 112, de data 11.06.2024.

Tendo en conta a Cláusula oitava do convenio mencionado, na que se indica que cada brigada deberá estar composta por: 1 xefe/a de brigada, unha persoa coa categoría de peón condutor e dous ou tres persoas coa categoría peón de brigada, no suposto de non poder cubrir os postos sinalados non se podería constituír a brigada.

Visto o resultado do primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo realizado o día 17 de xullo de 2025 no que a persoa candidata á praza de xefe de brigada non se presentou a proba, en exercicio das funcións delegadas mediante Decreto de Alcaldía núm. 2023-0615, de 26.06.2023, RESOLVO:

Primeiro.- Declarar deserta a convocatoria efectuada para a contratación laboral temporal do persoal da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Mugardos 2025, ante a imposibilidade de por en marcha a brigada segundo establece o Convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Mugardos para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2025 – 2026. dado que ningún aspirante á praza de xefe de brigada presentouse ao primeiro exercicio da fase de oposición.

Segundo- Proceder á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e de xeito complementario na páxina web municipal e no portal de transparencia .





Concello de Mugardos
(A Coruña)



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión ordinaria que realicen.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución xunto coa documentación complementaria que así sexa requirida á Consellería de Medio Rural.“

Mugardos, á data da sinatura dixital á marxe

O concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade, e Réxime Interior
(Delegación R.A nº 2023-0615, de 26.06.2023)

José Miguel Mahía Prados

